# Convocatoria do proceso selectivo para as mobilidades Erasmus+ de alumnado VET

| Curso académico | 2023-2024 | Destinatarios/as | Alumnado de 2º de CM |
|---|---|---|---|
| **PROCESO SELECTIVO PARA AS MOBILIDADES ERASMUS+** | | | |
| **Órgano convocante** | Comisión de Mobilidades do Programa Erasmus+ do IES Félix Muriel | | |
| **CONVOCATORIA conforme ás bases do proceso selectivo do Programa Erasmus+ da Acción clave Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe KA1-Proxecto KA121 VET** | | | |

**As persoas candidatas** a participar no Proxecto KA121 VET, **deberán entregar na Secretaría do IES e enviar ao correo electrónico** ies.felix.muriel@edu.xunta.gal**, poñendo no asunto do email "Solicitude programa Erasmus+ mobilidade FCT"**:

- **Formulario de solicitude**.
- **Currículum Europass**.
- **Documentación xustificativa dos méritos alegados**.
- **Carta de motivación**

**Debe entregarse toda a documentación antes do 31 de decembro de 2023.**

Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas, A Comisión de Mobilidades convocará ás persoas candidatas a **unha entrevista persoal**.

O **primeiro requisito** para a concesión da mobilidade é estar en disposición de **promocionar á FCT** na convocatoria de marzo de 2024. Así o alumnado seleccionado no proceso, que na avaliación ordinaria de 2º curso non superase a totalidade dos módulos perderá o dereito á mobilidade, pudendo optar a ela no seguinte proceso selectivo de ser o caso.

As persoas que inicialmente non fosen seleccionadas inicialmente no proceso ficarán de suplentes para acceder ás mobilidades non adxudicadas por renuncia ou non promoción á FCT da persoa seleccionada.

A solicitude da mobilidade supón a aceptación das **condicións do convenio de mobilidade e o compromiso de calidade da mesma**. Igualmente, a persoa seleccionada comprométese a **realizar a formación e avaliación lingüística** asociada á mobilidade, así como, a colaborar na difusión do proxecto (a través de redes sociais, participación no blogue, prensa, Rincón de Europa,..) incluíndo o uso das imaxes nas que apareza.

O incumprimento destas condicións poderá supor a perda de toda ou parte da subvención da mobilidade.

NOTA: Os resultados do proceso selectivo publicaranse nos taboleiros do IES Félix Muriel e na páxina web. Haberá dous días lectivos para as reclamacións.

| PRESIDENTE DA COMISIÓN DE MOBILIDADE | |
|---|---|
| P.O.<br><br>Asdo: Ramón Manuel Veiga Fernández | |
| Data | En Rianxo a 4 de decembro de 2023 |